

**ROGO DE AER RELATIVO A VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-7)**

PLENO 26 OUTUBRO 2017. ACTA 012/2017

*No ano 2014, en concreto no pleno do 31 de xullo, AER presentou unha moción sobre dinamización forestal que se deixou enriba da mesa para tratarse posteriormente en Consello Forestal. Posteriormente tratouse no consello forestal e literalmente foi descartada na súa plenitude. Dende AER consideramos que o que alí se presentaba era de interese e viable na súa execución, buscando avanzar no camiño para a mellora do modelo forestal no concello. Recentemente cando no Consello Forestal se tratou a proposta de Parques Forestais púxose sobre a mesa a idea dun parque forestal baseado en masas de frondosas autóctonas que rodease todo o concello tomando como eixe a senda da auga. Descartouse basicamente pola complexidade de avanzar debido ao gran número de propiedades particulares. En AER consideramos que aínda que o camiño sexa longo, deberíase dar o paso de cara á súa consecución, do mesmo xeito que o concello veciño de Vigo está decidido a acometer un proxecto similar.*

*Rogamos que o goberno local tome en consideración as seguintes propostas que abrirían o camiño cara a creación dunha rede de protección pasiva fronte a incendios forestais no noso concello:*

- Potenciación da creación dunha franxa verde entorno á senda da auga, a ámbalas dúas beiras nunha distancia suficiente, formada por unha masa autóctona diversa que funcione como liña de contención ante situación de grandes lumes.*
- Posta en marcha dun plan de emprego específico forestal, establecendo os oportunos convenios e cesións de áreas coas comunidades de montes veciñais, tal como xa se levan algúns anos realizando en concellos veciños e centrándose nos parques forestais, roteiros nos montes, miradoiros, carballeiras e soutos, consolidación e recuperación de valgadas e beiras de ríos, etc.*
- Organización de xornadas, profesionais e divulgativas, así como actividades educativas ligadas ao monte, a súa xestión, a multifuncionalidade, a problemática dos incendios, a auto protección, a creación de sistemas pasivos contra incendios e ás posibilidades que presenta como fonte de emprego.*
- Establecemento de axudas específicas para o eido forestal e do monte, de cara a promoción da xestión forestal sostible.*

*A sra. Amoedo di que de todas as cousas moitas xa se fan, coma charlas, explotación do monte, etc.*